



CONCELLO DE POIO

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz, asistindo como Interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3098.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 26 DE FEBREIRO DE 2008.- Dáse conta da acta anterior do 26 de febreiro de 2008 e de conformidade co disposto no artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD 2568/1986, do 28 de novembro, apróbase coas seguintes modificacións:

Na páxina 5, onde di: "Sometida a votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas, sobre a moción presentada polo PP da supresión do canon, este quedou aprobado con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 7 votos en contra (7 PP)" debe de dicir: "Sometida a votación o ditame emitido pola comisión de Facenda, Gobernación e Contas, sobre a moción presentada polo PP da supresión do canon, este quedou denegado por con 7 votos a favor (7 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE)".

Na páxina 15, no apartado de rogos, preguntas e interpelacións onde di: "A Sra. Ligeró Iglesias pregunta se as obras de ampliación de vial a consecuencia dun muro en Cabo Falcoeiro están contempladas no orzamento" debe de dicir: "A Sra. Ligeró Iglesias pregunta que tipo de xestións se están a levar a cabo para que o arranxo, ampliación e a dotación dun quitamedos na rúa Cabo Falcoeiro".

E que no apartado de rogos e preguntas se redacte o seguinte: igualmente, roga que se lles presente o anteproxecto da piscina municipal así como a entrada dese documento no Rexistro Xeral de Costas.

3099.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Pola secretaria dáse conta do estado de execución de acordos precedentes e que son os que seguen: "3091.- URBANISMO, SOLICITUDE DE D^a. MARÍA VICENTE PÉREZ SOBRE BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á solicitante; 3092.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO DE POIO Á PLATAFORMA "TODOS CONTRA O CANON".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3093.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2008: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3094.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE PRÉSTAMO PARA FINANCIAR OS INVESTIMENTOS 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse invitación ás entidades financeiras do termo municipal; 3095.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CPTOPT DO 11 DE FEBREIRO DE 2008, SOBRE O CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN DE COOPERACIÓN A COMPENSACIÓN NO POLÍGONO 1 DE SOLO URBANO CONSOLIDADO NO BAO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e douse traslado ao Departamento de Urbanismo para os trámites que procedan; 3096.- MOCIÓN CO MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3097.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DA CONCELEIRA DE PERSOAL, VÍAS E OBRAS PARA INFORMAR SOBRE DIVERSAS ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO REALOXAMENTO DO VAO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente."

A Corporación dáse por enterada.

3100.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario. Solicitándose polo Sr. Domínguez Lino que se lle facilite a relación 3/2008 que vai unido co informe de intervención e que mostra a relación de beneficiarios das horas extraordinarias do mes de marzo especificando as horas de forma individual.

A Corporación dáse por enterada.

3101.- APERTURA OFERTAS PRÉSTAMO 2008.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da contratación dun préstamo para o financiamento dos investimentos que se recollen no orzamento correspondente ao ano 2008, así como da acta da Mesa de Contratación realizada o 14 de marzo, onde se procedeu a apertura das ofertas presentadas co seguinte resultado:

TIPO DE INTERESE VARIABLE:	Oferta 1: BCL	Oferta 2: Banco Gallego	Oferta 3: Caixanova	Oferta 4: Caixa Galicia
Importe	1.635.000	1.635.000	1.635.000	1.635.000
Duración	20 anos	20 anos	20 anos	18 anos
Prazo	18 anos	18 anos	18 anos	
Carencia	2 anos	2 anos	2 anos	No existe
Liquidación intereses	Trimestral	Trimestral	Trimestral	Trimestral
Tipo de Inter.	Euribor incrementado a un ano 0.15 ptos	Euribor incr. A un ano en 0.90	Euribor incr. A un ano en 0.60	Euribor trimestral incrementado en 0.45 e revisable
Comisión apertura	Exenta	Exenta	Exenta	Exenta
Comisión amortización	Exenta	Exenta	Exenta	Exenta
Comisión de estudo	Exenta	Exenta	Exenta	Exenta
Comisión de disponibilidade	Exenta	Exenta	Exenta	Exenta
TIPO DE INTERESE FIXO:	Oferta 1: BCL	Oferta 2: Banco Gallego	Oferta 3: Caixanova	Oferta 4: Caixa Galicia
Importe	1.635.000			
Duración	20 anos			
Prazo	18 anos			
Carencia	2 anos			
Liquidación intereses	Trimestral			
Tipo de Inter.	4,70%			
Comisión apertura	Exenta			
Comisión amortización	Coste de mercado			
Comisión de estudo	Exenta			
Comisión de disponibilidade	Exenta			

Dándose conta igualmente do informe emitido pola interventora xeral de data 17 de marzo de 2008, no que fai un amplo estudo das ofertas presentadas polas entidades financeiras e remata coas seguintes consideracións: "Das ofertas presentadas esta Intervención considera que a oferta presentada por Caixa Galicia incumpre, por unha parte, unha das cláusulas do mencionado prego, a 4.7, que esixe un prazo de carencia de dous anos e un prazo de amortización de 18 anos, establecendo a oferta un período de disposición ata o 30 de marzo de 2010 (que podería entenderse asimilable a carencia) e como prazo do préstamo "18 anos (ata o 30 de marzo de 2026)", é dicir que é incongruente xa que se empezamos a contar o prazo de duración no ano 2010 o prazo de 18 anos remataría no ano 2028 e non no 2026 como ofertan; por outra parte na oferta se establece como tipo de interese o eríbor a tres meses (cando no prego se esixía un diferencial sobre un euríbor anual); por último, na oferta de Caixa Galicia, ofrécese

a posibilidade de converter o tipo de interese variable nun fixo que dependerá da cotización no día de formalización do contrato o cal produce indeterminación en canto ao tipo de interese fixo resultante que dá lugar a imposibilitar a súa comparación con outras ofertas.

Por outra parte, en canto a oferta presentada polo Banco de Crédito Local referida a un tipo de interese fixo, establecendo un "coste de mercado" en caso de querer levar a cabo unha amortización ou cancelación do préstamo, non cumpre na súa totalidade co establecido na cláusula 4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e que esixe que a comisión de cancelación e amortización anticipada sexa cero xa que na documentación presentada pola entidade ponse de manifesto que según a evolución dos tipos de mercado na data na que se queira facer efectiva a cancelación ou a amortización de producirá un abono para o Concello ou un cargo para este, podendo así existir unha comisión neste momento aínda que quedaría dentro dos criterios da interpretación en todo caso considerala ou non como comisión.

Das ofertas restantes: B.C.L. cun tipo de interese variable, Caixanova e Banco Galego, as tres ofertan un diferencial sobre un euríbor anual, Banco de Crédito Local un 0,15%, Caixanova un 0,60% e Banco Gallego un 0,90% polo que parece claro que a oferta máis vantaxosa é a presentada polo Banco de Crédito Local que establece como tipo de interese euríbor anual máis un diferencial de 0,15%."

Con data 18 de marzo de 2008 a Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emite o seguinte ditame: "A Secretaria dá conta do expediente e procédese á lectura da acta da reunión realizada pola mesa de contratación deste Concello de Poio o día 14 de marzo de 2008, para a apertura das ofertas presentadas para a contratación dun préstamo para o financiamento dos investimentos do exercicio 2008, na que se dá conta das ofertas presentadas (por orde de rexistro) ao concurso convocado e que son as que seguen: 1º) Banco de Crédito Local, 2º) Banco Galego, 3º) Caixanova e 4º) Caixa Galicia.

Así mesmo, dáse conta do informe da intervención municipal de data 17 de marzo de 2008 e que, tras un amplo estudo das mesmas, manifesta que a oferta máis vantaxosa é a presentada polo Banco de Crédito Local que establece como tipo de interese euríbor anual máis un diferencial de 0,15%.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a aprobación da oferta presentada polo Banco de Crédito Local a tipo de interese variable."

O Sr. Barreiro Lubián explica que se trata de concertar unha operación de préstamo para financiar os investimentos do ano 2008, do que se redactou un prego de cláusulas e presentáronse

catro ofertas, e según se deduce a oferta mis vantaxosa para os intereses municipais é a presentada polo Banco de Crédito Local cun interese variable.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que van votar en contra da operación de préstamo xa que unha vez máis o equipo de goberno segue coa tradición de pedir préstamos e subir os impostos por enriba do IPC. Tendo o concello unha débeda de 8,7 millóns que suporán 155 millóns das antigas pesetas ao ano e que nos deixará hipotecados até o 2030.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que o grupo de goberno pode carecer de ofertas vistosas pero a do PP sempre é a mesma (sempre a mesma política). Pero a situación do concello é moito mellor que a de fai anos. É unha política económica que da froitos. Pedimos préstamos pero tamén os pagamos así como nos facemos cargo das débedas que veñen de atrás e cando nos deixemos de gobernar outros se terán que facer cargo das débedas que quedan.

Vostedes sempre alegan que está mal pero nunca din o que se debe facer, non ofrecen ideas pero de todos os xeitos os investimentos recollidos no orzamento do 2008 son necesarios.

O Sr. Domínguez Lino di que a situación de 1995 non é a mesma que a do 2008 pero non gobernamos e levamos 13 anos na oposición. Cada ano, no momento de aprobar os orzamentos dicimos onde se debe de gastar cunha xestión de recursos e investimentos bos.

Sometido a votación a oferta presentada polo Banco de Crédito Local (Tipo de interese variable) esta quedou aprobada con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), o que supón a maioría absoluta, 7 votos en contra (7 PP) nas seguintes condicións: Importe: 1.635.000 €, Duración da operación: 20 anos; prazo de amortización: 18 anos (72 cotas trimestrais); carencia: 2 anos; liquidación de intereses: trimestral; tipo de interese: Euribor a un ano incrementando en 0.15 puntos; estando exenta en comisión de apertura, comisión de amortización e cancelación anticipada, comision de estudo e comisión de disponibilidad.

Debendo formalizarse diante da Secretaria do Concello, facultándose ao Sr. Alcalde para os trámites legais procedentes.

3102.- ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS.- Pola Secretaria, dáse conta do expediente tramitado, da acta da Mesa de Negociación do Persoal Funcionario realizada o 14 de marzo de 2008 e do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de marzo que di o seguinte: "A Secretaria dá conta do expediente, explicando que a mesa de negociación constituíuse legalmente conforme a acta de 4 de marzo de 2008 e dando cumprimento ao artigo 33 e 36 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Lei 7/2007, do 12 de abril e dando lectura das actas da mesa de negociación dos días 4 e 14 de marzo de 2008 sobre estudo do convenio de funcionarios adaptado á lexislación da nova lei

7/2007.

Así mesmo a Secretaria explica o contido dos informes realizados pola Secretaria e pola Intervención Municipais de data 10 de marzo de 2008, sobre Acordo Regulador Funcionarios do Concello de Poio.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que é un tema moi extenso e que vexo unhas cantas interrogantes como son sobre a xornada laboral, prestamos para vivenda etc entendo que hai moitas cousas que discutir.

O Sr. Barreiro Lubián pregunta á Concelleira-Delegada de Persoal, D^a Consuelo Besada Lores se o acordo regulador xa está pechado.

A Sra. Besada Lores contéstalle que os acordos que se fixeron na mesa de negociación correspondente o día 4 de maio de 2007 crearon nos traballadores expectativas e queren que se lles cumpran.

Os 6.000 euros de axuda por adquisición de 1^a e única vivenda xa existía no anterior acordo regulador e agora o que se fai é engadir que se consigne no orzamento correspondente ao ano 2009 unha partida orzamentaria que prevea a concesión dun préstamo polo importe de 6.000 euros (por funcionario), en concepto de rehabilitación de esa primeira e única vivenda, retirando do artigo 64 a condición de que a vivenda se ubique no Concello de Poio así como 30.000 euros, como máximo, por enfermidade grave.

O Sr. Domínguez Lino quere dicir en primeiro lugar que a mesa de negociación realizada en maio de 2007 foi un acto electoralista xa que era época electoral.

Aquí hai temas para estudar con detención, non estamos en contra da subida de niveis pero hai que buscar criterios para lograr esa subida de niveis porque hai uns que soben e outros non, entendemos que na RPT debería figurar unha reestruturación de postos de traballo porque hai administrativos con moitas horas de traballo extraordinaria.

En canto o acordo regulador cremos que hai que estudalo máis a fondo e sobre todo despois de ver os informes da Secretaria e Interventora Municipais en contra.

Entendemos que teríamos que sentarnos os voceiros coa secretaria e ver punto por punto. Por último dicir que estamos a favor da subida de niveis ós traballadores, aínda que sexa un compromiso electoralista do BNG, pero o resto creo que non por agora e haberá que estudialas con detalle.

A Sra. Besada Lores di que o seu grupo político que están de acordo totalmente con que se realice a RPT e niso estamos; tamén estamos de acordo en que hai moitas horas extraordinarias e en que o acordo de maio de 2007 é un compromiso do BNG pero debería cumprirse.

Non quero tomar acordos en vaian en contra dos informes emitidos pola Secretaria e Interventora Municipais pero hai que tomar unha decisión sobre os niveis do anexo e ademais subirlle ós

policías novos e pasarlle do 14 ó 16.

O Sr. Barreiro Lubián di que se se está negociando un acordo regulador é mellor traer xa o novo e definitivo porque estas reunións son de horas.

O Sr. Piñeiro Murillo quere manifestar que ten que defender os acordos de maio de 2007 xa que se viñan negociando dende moitos meses atrás.

Por outro lado dicir que os partidos políticos falaron cos traballadores, tiveron reunións cos traballadores e sindicatos.

O Sr. Domínguez Lino contéstalle que o PP non mantivo ningunha reunión e repito desde maio de 2007 hai que ver as modificacións que houbo coa nova lei e non traelo aquí aceleradamente, deberíamos consensuar os 3 grupos políticos.

A Sra. Besada Lores di que antes levou moito tempo facelo porque era o primeiro acordo regulador, e houbo que facelo enteiro, pero este é negociar determinados puntos de dito acordo regulador e adaptalo a nova lei.

O Sr. Barreiro Lubián quere manifestar que unha das reclamación efectuadas pola Subdelegación do Goberno, no seu día, foi precisamente polo tema dos prestamos e neste lévase de novo e habería que regular ben os horarios, días traballados e días non traballados.

O Sr. Piñeiro Murillo di que lle parece que os informes da Secretaria e Interventora Municipal quitan a razón, ós acordos que se tomaron, en bastantes cousas. Haberá que traelo doutra maneira, paréceme un tanto precipitado.

A Sra. Besada Lores quere que se vote se se dictamina favorablemente ou non a proposta que trae a esta comisión e que son os acordos da acta da mesa de negociación do día 14 de marzo de 2008.

O Sr. Domínguez Lino quere facer outra proposta xa que esta non vai a bo porto porque é indignante que o goberno non faga unha proposta clara sexa do PSOE ou do equipo de goberno aínda que o BNG se desmarque.

A nosa proposta é deixar sen efecto a proposta que se trae e que se nos invite ó PP á mesa de negociación e a parte cos voceiros, secretaria e interventora para que se nos explique o contido de cada informe porque neste momento non sabemos a que aternos.

Non atendéndose a proposta do PP sométese a votación a proposta realizada pola Concelleira-Delegada de Persoal que se trae a esta comisión e por 2 votos a favor do PSOE, ningún voto en contra e 8 abstencións do BNG e PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a aprobación da mesma"

A Sra. Besada Lores solicita que se aprobe a acta do 14 de marzo xa que nela se recollen os acordos adoptados anteriormente sendo consecuente cos traballadores xa que se asinou o ano pasado. Todos estamos de acordo coa RPT na que se faga constar a situación de cada traballador así como un organigrama

coas funcións de cada un.

O Sr. Barreiro Lubián di que están de acordo con todos os puntos agás coa redución da xornada de verán e se se aprobe esa redución ten que ser compensada coa recuperación polos traballadores.

O Sr. Domínguez Lino quere facer constar que na Comisión de Facenda o BNG abstívose a proposta da Concelleira de Persoal (que non se entregame a acta de facenda non sei se será casualidade).

A proposta do Partido Popular non é aprobar un acordo en contra dos informes de secretaría e intervención, nin das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e polo tanto en contra da lei, non é de recibo.

En primeiro lugar, desde o PP queremos denunciar o vergonzoso e patético espectáculo que ofreceu o martes pasado na comisión de facenda o "mal denominado" equipo de goberno BNG-PSOE. Referímonos ao punto da orde do día sobre o acordo regulador dos funcionarios do Concello de Poio. Queremos dicir, que estamos a falar dun tema moi serio para os funcionarios deste concello, tratamos incrementos de condicións e de niveis, cos correspondentes incrementos salariais, etc e desde logo o que non nos parece normal, ético e digno é que o goberno (se así se lle pode chamar) non nos traía unha proposta conxunta. A irresponsabilidade do BNG e PSOE fai que non fixeran os deberes desde os 10 meses que levan coaligados. Nas vísperas das pasadas eleccións municipais houbo acordos cos funcionarios pero non se levaron a cabo e o que se pretende agora e arranxalo en 15 días. Unha vez máis denunciámos e demostramos a nula planificación no concello. Non entendemos ademais como non temos a acta da comisión de facenda do martes pasado.

O famoso e conocido "tira pa diante" e "si a todo" do Sr. Alcalde e do BNG, agora témolo na versión dobre dos bicos, sorisos e abrazos da Sra. Besada duplicáronse, así como o soldo da alcaldía.

Non podemos consentir que un tema de tanta importancia para todos os funcionarios e as súas familias, quéreno presentar e ventilar en quince días. Inclusive con presentación de artigos contrarios á lei e ao dereito, como máis adiante demostraremos e que espero que polo ben de todos a Sra. Besada ou alguén do equipo de goberno nos explique o porque.

Levan 10 meses desgobernando Poio e xa consiguen pelearse cos veciños de Poio, conseguiron que alcaldes do seu propio partido ou de outros os poñan a parir. Que os veciños doutros concellos se manifesten pola incapacidade e ineptitude de gobernar e consiguen que o nome de Poio esté polo chan e ultimamente parece que entre os funcionarios tamén haxa malos entendidos, envexas e mal ambiente.

Sería máis fácil e rentable apoiar e aprobar en todas as cuestións o acordo regulador que nos presentan. É máis, inclusive

poderíamos pedir que se incremente o nivel a todos os funcionarios e así Sra. Besada, quedaríamos como únicos defensores de todos os funcionarios.

Pero non o facemos, porque somos un partido serio e comprometido, con todos os veciños de Poio e entendemos que non podemos apoiar o que nos presentan xa que hai artigos que van en contra da lei e do dereito.

Pretenden marcarnos un gol e que demos o noso apoio a artigos con sentenzas en contra do TSX de Galicia, na súa Sala do Contencioso-Administrativo que xa resolveu en contra de artigos do acordo regulador do ano 2003 e que agora nos volven a propor (sentenza 110/2006). Con esta actitude, Sra. Besada non sei se quere presentarse como a única salvadora e defensora dos funcionarios, pero desde logo ao PP non o van a ter como cómplice. Coa súa actitude e as súas propostas está incitando unha vez máis que se impugne o acordo regulador e quede sen efecto xa que está fora da lei e dereito e logo votará a culpa a outros e mirará para outro lado como sole facer con bastante frecuencia.

Cando se governa é para o bo e para o malo, non todo son sorrisos e palmaditas. Hai que saber dicir que non e dicir que non con argumentos claros.

Non se pode ir a unha mesa de negociación e nunha hora dicir amén a todo e baixarse os pantalóns e quedar como unha campiona cos funcionarios. Isto que propoñen pode cabar a tumba aos funcionarios, está vostede xogando co futuro profesional dos funcionarios para quedar ben, estaos enganando e pódeos deixar unha vez máis sen os merecidos ascensos.

Os funcionarios deben saber a que aterse, teñen e debemos dicirlles e explicarlles cales son os criterios e valoracións que se terán en conta para posibles ascensos futuros. Deben saber que criterios e valoracións lóxicas, razonabeis e coñecidas por todos terán que cumprir, xa será por esforzos, por comportamentos, por actitudes e por obxectivos. Pero que o coñezan con anterioridade e que non sexa por expectativas como vostede nos relatou a semana pasada.

Desde o 2003, este grupo municipal que represento, solicitou reiteradamente unha relación de postos de traballo e unha redistribución do persoal e organización do concello, non podemos ter a persoal que realiza anualmente máis de 700-800 horas extraordinarias cando a lei establece como máximo 80 horas anuais, co conseguinte coste extra e que o ano pasado supuxo para as arcas municipais máis de 145.000 €. Ademais co agravante que este persoal non soamente é de vías e obras, senón tamén persoal con tarefas administrativas. Durante os últimos anos e así o denunciámos en reiteradas ocasións existen casos entre o persoal co mesmo nivel e categoría e cunha diferenza en complementos específicos de máis de 1.000.000 das antigas pesetas. Non podemos ter un persoal que leva no mesmo grupo máis de 15 anos como existe nestes momentos, etc, e todo isto, non se arranxa con presas e

correndo e nun prazo de 15 días. Temos un serio problema co funcionariado e co que propoñen pódese complicar aínda máis.

Como comentei antes, si nos gustaría que a concelleira de persoal ou alguen do equipo de goberno nos xustifique en que se basa para aceptar os seguintes artigos con informes en contra e que ao final poden ser perxudiciais para os propios intereses dos funcionarios.

Así o artigo 6, cunha sentenza do TSX de Galicia na sala contencioso-administrativo sobre o acordo regulador do Concello de Poio do ano 2003, e en referencia a este artigo dise que non é conforme a dereito, debido á cláusula de supletoriedade que promulga que debe ser soamente aplicable a materias non indispensables. Por tanto, Sra. Besada Sr. Barreiro cunha sentenza en contra do contencioso administrativo dicindo que non é conforme a dereito, en que se basa para propoñer e aprobar este artigo?

Artigo 9, con respecto á xornada laboral e a posibilidade da súa redución na tempada de verán, a lei establece que é legal a súa redución entre o 16 de xuño e 15 de setembro a 32,5 horas semanais, redución que deberá de recuperarse na forma que establezca o propio acordo regulador.

Por tanto, Sra. Besada no acordo regulador non aparece contemplado a forma de recuperación do tempo de traballo minorado como consecuencia da redución.

Con respecto ao artigo 16 e na última parte fala da baixa por enfermidade coa retribución do 100%, igualmente temos sentenza do TSX da sala contencioso administrativo, do acordo regulador do Concello de Poio do ano 2003 que considerou inadecuado estes parágrafos e vostede Sra. Besada-Sr. Barreiro cunha sentenza en contra volve a presentalo.

Unha vez máis, preguntámoslle en que se basan para pretender aprobar outro artigo en contra da lei, queren enganar aos funcionarios, quedar ben con eles e logo votarlle a culpa á xustiza cando tumben o acordo regulador que se presenta.

O art. 19 existe informe da secretaria onde se di que o sistema debe adaptarse ao artigo 61 do EBEP en referencia aos termos de tratamento de concurso como sistema selectivo. Pregunto se se adaptou.

Os artigos 20, 21 e 22 adaptáronse ao EBEP?

O artigo 29 é un máis, un artigo con sentenza en contra do TSX e que nos casos de urxencia ou necesidade os funcionarios poidanse destinar en postos de maior categoría. Isto Sra. Besada unha vez máis vai en contra a dereito, xa que o artigo 69 da lei de funcionarios civís do estado e no artigo 141 do Rdlex 781/1986 solo establece a posibilidade de un funcionario adscrito a un posto inferior categoría. Nunca a un posto de superior categoría.

Vostede, unha vez máis para quedar como única defensora dos funcionarios o que vai conseguir é un engano aos propios

funcionarios, vailles cabar a propia tumba e o que máis indignante e preocupante e demostra a súa incapacidade e aceptando propostas en contra da lei e dereito que logo lles poida perxudicar e impugnar e a culpa non será súa, como sempre será doutro.

Art. 64 e 65 porque Sra. Besada nos presenta o art. 64 e 65 de melloras sociais de gasto de sepelio e de prestacións para adquisición de vivenda lle están informando que non teñen cobertura legal. Se non ten cobertura legal, supoño que vostede estará entendendo que non son legais e vostede quere que aprobemos conscientemente algo que non é legal.

Con tod isto creo que quedou demostrado que existen moitos artigos que non son conformes á lei e ao dereito e por tando exporíamnos a unha impugnanación do acordo regulador.

Estase a demostrar unha vez máis a incapacidade e nula planificación do equipo de goberno BNG PSOE, PSOE BNG.

Desde o PP na comisión de facenda e vendo o bochornoso espectáculo dado polo equipo de goberno presento unha proposta para evitar males maiores.

A devandita proposta queremos reiterar no pleno, xa que non aceptan a nosa proposta non podemos aprobar este acordo regulador contrario a dereito e á lei.

A nosa proposta consiste en aprobar para este ano 2008 os ascensos de grupo e nivel fixados no devandito acordo. Realizar urxentemente unha RPT onde se especifique claramente a nova estrutura organizativa dentro do concello, que se especifique as funcións, obrigas e traballo de cada posto e que todos os funcionarios en aras dunha mellor produtividade e motivación sepan os criterios que se valorarán nun futuro para a súa promoción e ascenso de nivel e que non quede a capricho dun político que é o máis inxusto que pode haber.

Entendemos desde o PP, que é a postura máis sensata e correcta, ante a ineptitude unha vez máis deste desgoberno de Poio. Repito queremos que quede a postura máis fácil para nos como partido na oposición era dicir todo amén quedar como defensores dos funcionarios non podemos tomar decisións que van en contra dos nosos propios principios e en contra do dereito e das leis tal e como se demostrou.

A Sra. Besada Lores di que non se podía esperar outra intervención do Sr. Domínguez, xa que aproveita este tipo de ocasións para facer un mitín político.

Sabemos que o temos que facer, temos denominacións de postos que non existen en ningún concello de Galicia, como o caso de operador e caso dos interinos que levan 17 anos e agora o PSOE ten que amañar as desfeitas.

Agora soamente temos este punto que tratar e paralelamente facer a RPT acometer o acordo regulador pero respectar o acordado no ano 2007 con efectos retroactivos a un de xaneiro de dous mil oito e velar polos intereses de todos.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que a perplexidade do PP

dáse porque non se debe dar conta de que somos dous partidos políticos distintos, en algo coincidimos pero non en todo, e nunha entidade democrática somos capaces de chegar a un acordo.

O Sr. Domínguez non debeu estar atento cando a secretaria leu o ditame da comisión de facenda xa que non se trata de aprobar o acordo regulador senón uns acordos concretos. Os préstamos están recollidos na lei e se os funcionarios o piden non hai problema. No tema da xornada laboral non hai problema se se recupera e estamos de acordo tamén na subida dos niveis, recompensar cun día por ano traballado ao traballador que se vai xubilar; e todos estes acordos unha vez aprobados teranse en conta á hora de aprobar o acordo regulador. En todo caso, agora hai que aprobar estes puntos da acta. E se o impugnan mala sorte.

O Sr. Domínguez Lino contesta que na orde do día o título do punto é acordo regulador, e o informe da intervención e secretaria refírense a todo o texto.

A Sra. Besada gobernou entre o ano 1995 e 1999 e cometeu erros cando era a concelleira de persoal e Servizos Sociais.

O Sr. Barreiro Lubián di que se clarifique o que se vai votar e o acordo regulador está sen negociar.

O Sr. Domínguez Lino pide que se poñan de acordo o que se vai votar se o acordo regulador ou estes puntos en concreto.

A Sra. Besada Lores di que no acordo regulador do ano 2003 o PP votou a favor. Pero no ano 2003 a interventora e a secretaria non estaban por iso non o informaron. Pero agora trátase soamente de aprobar a acta.

O Sr. Agís Gómez di que ninguén lle ten que dicir a intervención e a secretaria o que ten que informar, o acordo regulador está por negociar e agora preténdese aprobar os puntos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o patético, bochornoso e lamentable xa que o problema é de comprensión e lectura.

O Sr. Alcalde di que o asunto xa está debatido e aclara que o que se vai votar son as actas no seu conxunto.

Antes de comezar a votación e de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común auséntase do salón o concelleiro D. Angel Moldes Martínez.

Sometido a votación a acta onde se recollen os acordos adoptados pola Mesa de Negociación, por unanimidade, acordouse o seguinte:

Primeiro.- Que se consigne no orzamento correspondente ao ano 2009 unha partida orzamentaria que prevea a concesión dun préstamo polo importe de 6.000 € (por funcionario), en concepto de adquisición e rehabilitación da primeira vivenda así como por enfermidade grave, cun máximo de 30.000 €. coa condición de que a vivenda esté ubicada no Concello de Poio.

Segundo.- Establecer unha xornada laboral reducida na

tempada de verán, do 15 de xuño ao 15 de setembro, (recuperable) a que será negociada coa Delegada de Persoal e os representantes dos traballadores comunicando dito período aos distintos servizos.

Terceiro.- Aprobar un permiso para os funcionarios de carreira que se vaian xubilarse dun día hábil por cada ano traballado, no Concello de Poio, no último ano á xubilación.

Cuarto.- Aprobar a seguinte subida de niveis:

NOME TRABALLADOR	SITUACIÓN ACTUAL		PROMOCIÓN 2008	
	GRUPO	NIVEL	GRUPO	NIVEL
BENITO ESPERÓN VILLANUEVA	D	16	D	18
CÁNDIDO SABARIS COUSELO	D	15	D	17
MANUEL ARGIBAY SOTO	D	14	D	16
EDMUNDO NORES FERNÁNDEZ	D	15	D	17
JOSE ESPERÓN VILLANUEVA	D	14	D	16
MANUEL ROMAY AMORÍN	D	14	D	16
JOSE TORRES CARBALLA	D	14	D	16
FRANCISCO DE LA FUENTE C.	D	15	D	17
FAUSTINO UCHA ALVARIÑAS	D	14	D	16
MANUEL ESPERÓN BUCETA	D	14	D	16
MANUEL SANTIAGO NÚÑEZ	D	14	D	16
J. ANTONIO RODIÑO PADIN	D	14	D	16
RAIMUNDO ALBAR ALBAR	D	14	D	16
AVELINO RODIÑO PADIN	D	16	D	18
J. ANTONIO LIGERO ABILLEIRA	D	16	D	18
JAIME MARTÍNEZ RIAL	D	16	D	18
JUAN JOSE MOLDES TILVE	D	14	D	18
ADONIS PÉREZ ABILLEIRA	D	15	D	17
MARCELINO CASAS CARBALLA	D	14	D	16
FRANCISCO MARTINEZ VÁZQUEZ	D	14	D	16
JESUSA FRAGA CARBALLA	E	13	E	14
JESUSA VILLANUEVA UCHA	E	13	E	14
M ^a TERESA CALVO PÉREZ	D	16	D	18
M ^a JESÚS POUSADA VICENTE	D	16	D	18
M ^a LUZ MOSTEIRO BERMUDEZ	D	16	D	18
DAVID VÁZQUEZ SALGADO	D	14	D	16
PEDRO ANTEPAZO BRUN	D	14	D	16

Quinto.- Que se teñan en conta todos estes acordos así como o informado pola Secretaría e Intervención á hora da adaptación do acordo regulador que se publicará nun dos Diarios Oficiais da Comunidade Autónoma como trámite previo á entrada en vigor do mesmo.

Sexta.- Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3103.- INFORMES DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN SOBRE RECLAMACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.- Pola secretaria dáse conta da reclamación presentada contra a Relación de Postos de Traballo presentado por D^a. Consuelo De La Peña Costoya con data de entrada o 21 de febreiro de 2008 e núm. rexistro o 1022.

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola comisión de facenda de data 18 de marzo de 2008 e que di o que segue: "Pola Secretaria dáse conta do expediente facendo lectura da reclamación presentada por D^a Consuelo de la Peña Costoya, de data febreiro 2008, sobre a relación de postos de traballo do Concello de Poio e dos informes de Secretaría e Intervención Municipais de data e de marzo de 2008.

O Sr. Domínguez Lino di que de todo o que se falou saca en conclusión que imos aprobar o que se informa negativamente nos informes da Secretaria e Interventora Municipais.

Nos denunciámos as discriminacións existentes nos complementos específicos para que todos estean nas mesmas condicións.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar desfavorablemente dita reclamación e propón ó Pleno a súa desestimación."

A Corporación dáse por enterada.

3104.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 4/2008 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Dáse conta do expediente iniciado por escrito do Concelleiro Xulio Barreiro Lubián no que propón a aprobación dunha transferencia de crédito da partida 313.22706 debido a existencia de gastos que necesitan financiación non dispoñendo da mesma e non podendo ser demorados até o próximo exercicio xa que o crédito inicial da mencionada partida (que ascende a 76.000 €) atópase comprometido con dous contratos existentes (o do transporte ANTA e o do programa de Axuda a domicilio) polo que se minore a partida 453.22706 por importe de 19.000 € e se incremente a partida 313.22706 no mesmo importe de gastos derivados de subscribir un convenio co secretariado xitano co fin de levar a cabo un control da integración das familias de O Vao e para incrementar o importe de axuda a domicilio prestado pola empresa IDADES, SL xa que debido ao incremento do usuarios do servizo e do número de horas polas que o mesmo presta (según se observou nas facturas correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro) será necesario (de manterse este número de horas de servizo prestado).

Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de marzo de 2008 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente dando lectura a Secretaria da proposta do Sr. Xulio Barreiro Lubián, como Concelleiro-Delegado de Economía e Facenda do Concello de Poio na que propón unha transferencia de crédito aumentando o crédito da partida 313.22706 debido a existencia de gastos que necesitan financiamento non dispoñendo da mesma e que non poden

ser demorados ata o próximo exercicio e minorar a partida 453.22706 por importe de 19.000 euros para atender a gastos derivados de subscribir un Convenio co Secretariado Xitano e para incrementar o importe do gasto adicado ao programa de Axuda a Domicilio e do informe e certificación da Interventora Municipal de data 14 de marzo de 2008.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación."

Sometida á votación a aprobación da modificación orzamentaria núm. 4/2008, de transferencia de crédito, esta quedou aprobada por unanimidade.

MOCIÓN URXENTES.- Prodúcense as que seguen:

3105.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O TRANSPORTE METROPOLITANO.- Polos membros da corporación sométese a votación da urxencia deste punto por non estar incluído na orde do día quedando aproba por unanimidade.

Pola Sra. Nieto García dáse lectura da moción presentada na que tras ampla exposición de motivos remata solicitando a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O estudo e posta en marcha dun servizo de transporte público eficaz e efectivo para Poio.

1. 2º.- Instar á Consellería de Política Territorial a asinar un convenio de colaboración para por en marcha o servizo de transporte público municipal, que complemente o servizo de transporte público metropolitano.

Dándose conta do ditame emitido pola comisión de facenda de data 18 de marzo de 2008 que di o que segue: "Previo declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do contido da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, de data 18 de marzo e que tras unha ampla exposición de motivos solicitan que se tomen os seguintes acordo:

"a) El estudio y la puesta en marcha de un servicio de transporte público eficaz y efectivo para Poio.

b) Instar a la Consellería de Política Territorial a firmar un Convenio de colaboración para poner en marcha el servicio de transporte público municipal, que complemente el servicio de transporte público metropolitano".

O Sr. Domínguez Lino explica o contido da moción manifestando que se estudie a posibilidade de por en marcha un servizo de transporte público municipal de conexión co transporte metropolitano que non chega a zonas como Sartal, Vilariño etc.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou que se pase a debate do Pleno."

A Sra. Nieto García explica que a moción presentada é unha reiteración xa dende o ano 2003 e agora mesmo a xente non dispón de medios e cada vez é máis imposible entrar en Pontevedra.

Solicitamos que se adopte o acordo de entrar na área

metropolitana para poder facer máis fácil este acceso.

O Sr. Alcalde contesta que o concello pertence á area metropolitana xa que foi un acordo plenario.

A Sra. Besada Lores di que é unha moción demagóxica porque o PP sabe que no ano 2006 a CPTOPV enviou un convenio para adherirse e agora volven facer o mesmo que se vai facer agora.

Entendemos que facer en Poio un transporte municipal é inviable. Recordarlles que fai catro anos que o PP non goberna a Xunta de Galicia e ignoraba a partida de transporte.

O Sr. Barreiro Lubián explica que hai un convenio suscrito coa CPTOPV e recóllese na area metropolitana. O servizo de viaxeiros e a posta en funcionamento ten inconvintes.

En todo caso, reiteramos o acordo do 2006 pero non podemos solicitar que sexan inmediatos e cónstanos que a xunta está a traballar niso.

A Sra. Nieto García di que no ano 2008 non se puxo en marcha e existen zonas que non teñen acceso ao transporte e o que solicitamos é que non sexa unha promesa e senón que se poña en marcha.

É verdade que fai 4 anos que non gobernamos na Xunta pero en Poio fai 13, e cremos que é necesario xa que hai veciños que non teñen acceso.

O Sr. Agís Gómez di que o servizo é deficiente pero mellorable. Na moción presentan dous puntos: neste momento a Dirección Xeral está a tratar o primeiro punto e o convenio está asinado e aprobado polo PP. O transporte metropolitano está desenvolvido pola Dirección Xeral de Transporte e unha vez que as rutas estén cubertas é cando se poden complementar.

O Sr. Barreiro di que os condicionantes, as redes de transporte están mellorables e a execución é bastante complicada xa que as empresas tamén contan e expoñen as súas posturas.

A MONBUS saelle máis rentable a situación de agora ca que se pretende. Podemos pedir que haxa transporte nas zonas máis complicadas pero hai que estudar a viabilidade.

Existen zonas que teñen transporte e carecen de usuarios como pode ser a Caeira e Boa Vista. O transporte municipal haberá que estudalo xa que hai que estudar as variables (a quen, a donde, como...) as causas teñen que estar máis estudadas e con sensatez.

A Sra. Besada Lores preocúpanme os veciños que están nas paradas, e este verán fixen xestións co motivo do transporte a Vilariño. Habería que crear un consenso para o acceso ás zonas metropolitanas.

Sometida a votación a moción presentada polo PP, sobre o transporte metropolitano, esta quedou denegada con 7 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE) e ningunha abstención.

3106.- COMPARECENCIA DO SR. E CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL SOBRE REALOXEMENTO DO BAO.- Comeza a comparecencia solicitada o Sr. Alcalde dicindo que se compraron 11 vivendas (2

Pontecaldelas, 4 Monteporreiro e 1 Boa Vista).

O Alcalde, debido ás interrupcións dos asistentes da sala, pide que lle deixen continuar coa súa intervención xa que están na sesión plenaria, e unha vez rematada a sesión falarán.

Continua a comparecencia, o Sr. Alcalde explicando que os expedientes de demolición afectaron a 11 familias na que se realoxaron 4 familias e habería que realoxar polo tanto a 7. Pero unha das familias, á que se lle demoleu a chabola residía fora do municipio, polo tanto soamente se adxudicaron 6.

Que se vai coas vivendas de Monteporreiro que quedaron vacías, no seu momento darase unha resposta xa que estas son propiedade do Concello de Poio, polo tanto un patrimonio municipal e cando se resolva haberá unha resposta.

O seguimento faise a través dun convenio co secretariado xitano e estamos enterados dos problemas dos veciños de Boa Vista e coa familia que reside alí. Trátase de que a convivencia sexa o máis axeitada posible.

A Sra. Fernández González empeza a súa intervención dicindo que o seguimento das familias de Boa Vista realízase a través das visitas da traballadora social todas as semanas ao lugar para ver a súa integración.

En Pontecaldelas fan o seguimento a través da educadora familiar e nos informes di que a integración é boa inclusive os nenos van ao colexio.

O Sr. Domínguez Lino contesta que lle extraña que vaia a traballadora social en vez da concelleira. Houbo bastantes altercados, bloqueáronse varios portais e desaparecen rodas e llantas dos vehículos dos veciños de Boa Vista. Isto non é maior problemática xa que os que residen en Boa Vista non teñen traballo pero si BMW e DVD,s. O que ten que facer é ir polo lugar e ver a problemática que dicimos.

Volvemos a pedir a comparecencia do alcalde porque nos parece un espectáculo borchornoso o que está a padecer o pobo de Poio cos seus gobernantes.

Conseguiron que en 10 meses, por certo nun tempo récord, o que hoxe estamos a ver e padecer neste Concello. Coa súa ineptitude e ocultismo tanto do BNG como do PSOE e coa complicidade da Xunta de Galicia, conseguiron que 3 pobos estén en contra de Poio, veciños do propio concello, de Pontevedra e sobre todo da zona de Monteporreiro e veciños do Pontecaldelas da parroquia de Caritel están a demostrar que se equivocaron como plantexaron o problema do Vao. Por certo, o seu amigo Alcalde de Pontecaldelas, aínda está a esperar unha chamada persoal para que lle dea unha explicación sobre a súa inxerencia de competencias no seu concello. Vólvolle a dar saudos da súa parte, e que segue esperando que dea a cara.

Isto, Sr. Sobral, vostede que é moi dado a ofrecer sorrisos, abrazos e explicacións é unha mostra clara que a súa conciencia non a debe de ter tranquila.

Como se pode permitir e consentir que con cartos públicos e de todos os cidadáns se compren máis vivendas das necesitadas. Isto vólvenos a demostrar o seu descontrol neste Concello. Que control se fai dos residentes do Vao? En canto aos pasos, anteriores e formas na que escolleron as vivendas queda hoxe demostrado que poden estar orgullos disto. Pedímoslle tanto ao BNG como ao PSOE que recapaciten antes de que sexa demasiado tarde. Se foi un erro o de Monteporreiro como dixeron algúns políticos dos seus propios partidos en Pontevedra, tamén é un erro o de Boa Vista e Pontecaldelas. Non se pode unha vez máis discriminar á xente por intereses electoralistas e isto Sr. Sobral vostede sábeo facer moi ben e moita culpa disto débese á situación á que chegamos. Como di o refrán Sr. Sobral-Sra. Besada. "o que sembra ventos recolle tempestades" e aquí en Poio a súa política caciquil; a súa política do "si a todo" a súa política de "tira pa diante" pouco a pouco vai dando os seus froitos. O tempo dá e quita razóns e o tempo pon a cada un no seu sitio; e dende logo o tempo xa os está a colocar no seu.

Traicionaron e mentiron aos veciños de Boa Vista, que no pleno do pasado mes de novembro xuráronlles e perxuráronlles que ao piso desafiuzado de Boa Vista non iba ir ningún habitante do Vao. Pasearon aos xitanos do Vao como pura mercancía, primeiro foi Sanxenxo, logo hotéis (por certo esperamos que os 24.000 € que de momento levamos gastados se faga cargo a Xunta do Sr. Touriño e do Sr. Quintana) despois con nocturnidade e ocultismo a Monteporreiro e Pontecaldelas. En plena, campaña electoral e con fins (unha vez máis electoralistas) devólvennos aos hotéis (pero solo aos de Monteporreiro) que é unha poboación de 6000 habitantes. Unha vez pasadas as eleccións e con noturnidade unha vez máis os pasean e vólvennos a levar a Monteporreiro. E os de Caritel e Boa Vista? Empezan outra vez as movilizacións e volven a os hotéis e ao Vao. Con este panorama Sr. Sobral-Sra. Besada non me extraña que sexamos portada nos xornais en máis de 100 ocasións e co nome do noso pobo e veciños polo chan. Pola súa propia dignidade e coherencia pedímoslle unha vez máis alcalde e vicealcaldesa que dea cara atrás nos 3 realoxamentos pendentos de Pontecaldelas e Boa Vista.

Están existindo graves problemas de convivencia en Boa Vista como denunciaron os veciños de alí, problemas de convivencia e de integración, así como cos demais veciños.

A situación estase a poñer insostible e pode saltar en calquera momento, logo chegan as lamentacións.

Nos últimos días saben que están a ocorrer demasiados altercados en Boa Vista, con portas de acceso a vivendas e portais bloqueados. Roubos de llantas, tornillos, etc... cunha situación tensa entre veciños de Boa Vista e actitudes chulescas.

Non se fixo un estudo de integración, non se fixo un proceso de formación previos ao realoxamento como recomendou o Valedor do Pobo.

Recoñecer os erros é de humanos e vostedes cometeron erros tremendos dinllo os seus propios compañeiros do partido de Pontevedra.

Para que volvamos á normalidade , para que non volvamos a ser portada de xornal para non existan máis discriminacións den cara atrás e como di a compañeira Sra. Besada en Pontevedra. "cando un plan de integración non funciona anúlase e vólvese a empezar".

Antes de volver a empezar a intervención do Sr. Alcalde este volve a pedir silencio aos presentes no Salón, xa que a sesión aínda non rematou.

Sr. Alcalde di que lle gustaría que o PP dixera en alto o que teñen dito nesta mesa cando non había veciños e nos apoiamos un proxecto no Concello e vostede puxéronse en contra inclusive da Xunta e vostedes defenderon sempre a dispersión das familias e que estaría ben que o volveuse a dicir. Todos estamos en contra da droga e hai que actuar no foco. Hai que facer proposicións pero non demagogia.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIONES.- Prodúcese as seguintes:

A Sra. Ligerio Iglesias pide resposta por escrito da concelleira de servizos sociais de cal é o núm. de usuarios/as que hai no noso concello de axuda a domicilio e as horas que teñen cada un/ha deles/as asignadas.

Tamén di que antes de comezar a sesión, entregouselle un anteprojecto da piscina municipal, que solicitou en plenos anteriores, pero a copia que se lle entrega non ten rexistro en Costas e podería tratarse dunha copia que non se pasou por Costas.

Polo tanto, roga que se presente o Anteprojecto por Rexistro de Costas, como toda documentación que se entrega nunha administración.

Solicita igualmente, que se lle pase o prego de normas que rexen o SAF de Poio.

O Sr. Alcalde contesta que ese é un anteprojecto que se presentou en Costas e agora mesmo hai desencontro na zona onde se pretende construír. Trátase dunha actividade pública, e o que se está a facer é negociar a alternativa da zona da Seca onde está o campo de fútbol pero son instalacións deportivas importantes.

E sería facer alí unha piscina porque é viable non valería de nada o rexistro porque nolo devolverían.

O Sr. Domínguez Lino pregunta que mantemento se está a facer da páxina web do Concello xa que se están a pagar 200 € nese concepto e a páxina está antiquísima (2005) xa que figuran concelleiros/as que xa non están e non forman parte da corporacion municipal.

O Sr. Martínez Blanco contesta que é verdade e que a páxina web está na situación que se describe, houbo un problema

coa empresa xa que non cumpría coas necesidades e ese contrato rompeuse. O que ocasiona que non se poida acceder pero hai cousas novas. Agora co Poio Dixital si temos a posibilidade de facer a páxina e este ano vamos a ter un portal de turismo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e dous minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.